

Resolución do 28 de setembro de 2020 do órgano de selección para a contratación con carácter temporal dun/dunha titulado/a superior médico/a (grupo I, categoría 2 do V Convenio colectivo de persoal laboral da Xunta de Galicia) na a Secretaría Xeral para o Deporte – Centro Galego de Tecnificación Deportiva (Pontevedra), pola que se aproba a relación definitiva de admitidos e excluídos, puntuacións definitivas dos aspirantes e se convoca exame equivalente ao Celga 2

En sesión que tivo lugar o 28 de setembro de 2020, o Tribunal cualificador para a contratación con carácter temporal dun/dunha titulado/a superior médico/a (especialista medicina deportiva) para a Secretaría Seral para o Deporte – Centro Galego de Tecnificación Deportiva (Pontevedra), de conformidade co previsto na Base sexta da convocatoria, logo de revisar as solicitudes presentadas, sen que se recibiran reclamacións contra a resolución provisional do 21 de setembro de 2020,

ACORDOU

Primeiro. Un. Aprobar a relación definitiva de admitidos:

APELIDOS E NOME
CRESPO DOMÍNGUEZ, SERGIO
LASALVIA, ISMAIRA INMACULADA
PEROTE SUÁREZ-RIVERO, SANTIAGO LUIS

Segundo. Aprobar as listas de puntuación definitivas dos méritos alegados polos aspirantes, conforme a base Cuarta 4.1.

APELIDOS E NOME	4.1.a	4.1.b	4.1.c	4.2	4.3	4.4	4.5	4.6	TOTAL
PEROTE SUÁREZ-RIVERO, SANTIAGO LUIS	0,8	16,8	8,0	-	-	-	-	-	25,06
LASALVIA, ISMAIRA INMACULADA	1,0	-	-	-	-	-	0,1	-	1,1
CRESPO DOMÍNGUEZ, SERGIO	-	-	-	-	-	-	0,3	0,75	1,05

Segundo o establecido na base sétima da convocatoria propónse para a provisión do posto para a contratación temporal dun/ha titulado/a superior médico/a (grupo I, categoría 2 do V Convenio Colectivo de persoal laboral da Xunta de Galicia) na Secretaría Xeral para o Deporte – Centro Galego de Tecnificación Deportiva en Pontevedra ao aspirante que a seguir se indica, por ser a persoa con maior puntuación:



- PEROTE SUÁREZ-RIVERO, SANTIAGO LUIS

Terceiro. elevar a presente proposta á Secretaría Xeral da Presidencia para a emisión da resolución do proceso de selección.

No prazo de cinco días naturais dende a publicación da proposta a persoa seleccionada deberá achegar a documentación acreditativa de posuír o diploma ou certificado que Celga 2 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (Orde do 16/07/2007-DOG do 30/07), nos termos previstos na base 2.2 da convocatoria.

No caso de non estar en posesión deste diploma ou certificado, convócase á persoa seleccionada para a celebración dun exame equivalente ao CELGA 2. Este exame levarase a cabo, de ser necesario, o 6 de outubro, martes, ás 10:00 horas nas dependencias da Secretaría Xeral para o Deporte, sitas en Rúa Madrid 2-4, 2º, Fontiñas, 15781-Santiago de Compostela.

Terceiro. Segundo o previsto na base sétima, queda configurada a lista de agarda:

APELIDOS E NOME	4.1.a	4.1.b	4.1.c	4.2	4.3	4.4	4.5	4.6	TOTAL
LASALVIA, ISMAIRA INMACULADA	1,0	-	-	-	-	-	0,1	-	1,1
CRESPO DOMÍNGUEZ, SERGIO	-	-	-	-	-	-	0,3	0,75	1,05

De acordo co disposto na base oitava da convocatoria, contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada perante o Secretario Xeral da Presidencia, nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2020

O PRESIDENTE DO TRIBUNAL

Jorge Ruben Sampedro Grande

(documento asinado dixitalmente)

